



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR 2024-2028

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educación, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/nais**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar. Os outros **dous** representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 23 de outubro de 2024 está exposto no taboleiro de anuncios (edificio de educación primaria). As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 7 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do día 6 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 8 de novembro, ás 13:45 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a+ o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 8 ao 15 de novembro, ambos días inclusive. As



dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos/as matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 19 de novembro, de 9:00 a 9:30 horas e de 13:30 a 14:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:50 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **dous nomes** dos candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos/as.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Guarda, 23 de outubro de 2024

A Presidenta da Xunta Electoral,

A stamp from the Xunta de Galicia, Consellería da Educación, Colexio Plurilingüe "AS SOLANAS - NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO", A GUARDA (Pontevedra). The stamp is blue and contains the text "XUNTA DE GALICIA", "Consellería da Educación", "COLEXIO PLURILINGÜE", "AS SOLANAS - NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO", and "A GUARDA (Pontevedra)". A signature is written over the stamp.

Asdo.: Iris Gómez Alfonso